CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANTISO O DÍA 21 DE XUÑO DE 2019

ASISTEN

PRESIDENTE

D. Manuel Adán López (BNG)

CONCELLEIROS

Dna. Sara Mato Agra (BNG)
D. Pablo Balboa Oro (BNG)
D. David Fernández Carril (BNG)
D. José Antonio Río Naviza (BNG)
D. Alejandro Peón Pereiro (BNG)
Dna. Matilde Pallares Cagide (PP)
D. José David Leiva Balboa (PP)

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Antonio Mosquera Rodríguez

NON ASISTEN

D. Herminio Mouriño Orois (PSdeG-PSOE)

Sendo as nove horas do día vinte e un de xuño do ano dous mil dezanove, reúnese no Salón de Sesións da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados máis arriba, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López, actuando como Secretario-Interventor D. Antonio Mosquera Rodríguez, que dá fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión coa seguinte orde do día:

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15/06/2019.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita aos membros do Pleno que manifesten se teñen algunha alegación que facer á referida acta da sesión celebrada en data 15/06/2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes, por 8 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG e 2 dos concelleiros do PP) APROBA a acta da sesión celebrada en data 15/06/2019.

2º.- ACORDO SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO MUNICIPAL.

Vista a moción de alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe:

"MOCIÓN ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

D. Manuel Adán López, Alcalde-Presidente do concello de Santiso (A Coruña),

A efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do R.O.F. e dispocións concordantes propoño ao Pleno Municipal do Concello de Santiso para a aprobación, si procede, a siguente
MOCIÓN:
De conformidade co disposto nos artigos 46.2 da lei 7/195, de 2 de abril, 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e 201.2 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Santiso celebrará sesión ordinaria cada dous meses coincidindo co segundo venres de cada mes par ás 09:00 horas. No caso de que coincida en festivo pasarase para o seguinte venres hábil.
SEGUNDO.- Facultar a Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.
TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos ou resolución e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.**"**

A concelleira Matilde Pallares Cagide pregúntalle ao Secretario sobre que non se cumpren os 5 días para notificar a constitución de grupos políticos que establece o artigo 24 do R.O.F.

Por Secretaría maniféstase que non inconveniente para dita constitución.

Matilde Pallares indica tamén que está de acordo coa periodicidade das sesións pero non coa hora.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

O Pleno da Corporación por 6 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG) e dúas abstencións (2 dos concelleiros do PP), acorda APROBAR o contido da presente moción.

3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO RELATIVO A CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Vista a moción de alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe:

"MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO.-

Segundo o disposto nos artigos 20 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e 35.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nos concellos de menos de 5.000 habitantes existirá Xunta de Goberno Local cando así o acorde o Pleno da Corporación ou o dispoña o Regulamento Orgánico.
Segundo os artigos 23 da Lei 7/1985m de 2 de abril, artigo 52.2 do R.O.F. a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde Presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, sendo tres polo tanto o número de membros que a poden integrar, que equivalen ó tercio do número legal de membros da Corporación, número legal que é de 9.-
Vistos os artigos 43.2 e 114 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
Tendo en conta que por acordo plenario de data 23 de xuño de 2011 se creou a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiso, mais é preciso que se adopten determinados acordos relativos ao seu réxime de sesións e delegación de competencias, pola presente propoño ó Pleno Municipal para a súa aprobación, se procede, a seguinte,

MOCIÓN:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o último mércores do mes ás nove (09:00) horas. No caso de que tal día coincida con festivo, se trasladará ao seguinte día hábil no concello.
Non obstante, por razóns debidamente xustificadas, a xuízo da alcaldía, esta poderá alterar de xeito excepcional a hora ou o día de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, sempre dentro do límite de que se celebre na semana da último mércores do mes. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria de sesión ordinaria para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festio, a conveniencia dun maior estudio dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outro que se xustifique razonadamente a decisión.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

SEGUNDO.- Deléganse na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:
1º.- O exercicio de acción xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2º.- A declaración de lesividade dos actos do concello.
3º.- A concertación das operacións de crédito cuxa cuantía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recurso ordinarios do Presuposto –salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos corrientes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
4º.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos presupostos.
5º.- As competencias en materia de contratación previstas na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, po la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
6º.- As competencias prevista na disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, po la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, relativas a adxudicación de concesións e adquisición debens inmobles, así comoa enaxenación do patrimonio.
TERCEIRO.- O alcance das delegacións comprendidas neste acordo comprende todas as facultades que no exericizo das atribucións que se delegan competan ao Pleno. Quedan exceptuadas en todo caso e constitúen polo tanto un límite, aquélas que requiran unha maioria especial.
CUARTO.- O presente acordo deroga Decretos, acordos, resolución e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.**"**

O Pleno da Corporación por 6 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG) e dúas abstencións (2 dos concelleiros do PP), acorda APROBAR o contido da presente moción.

4º.- ACORDO SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓN INFORMATIVAS.

Vista a moción de alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe:

"MOCIÓN ALCALDÍA RELATIVA A CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

Vistos os artigos 127 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 212 de R.D.L.2/2004, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

Tendo en conta o disposto nos artigos 5 e 6 do Regulamento Orgánico do Concello de Santiso en canto á determinación da composición das comisións informativas, propoño ó Pleno Municipal para a súa aprobación, se procede, a seguinte

MOCIÓN:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 127 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, créase únicamente unha Comisión Informativa Permanente, a saber, a Comisión Especial de Contas, de existencia preceptiva en todos os Concellos de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO: Á Comisión Especial de Contas correspóndenlle as funcións que legalmente ten asinadas no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e no Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: De acordo co establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Comisión Especial de Contas estará integrada po catro membros, ademais do alcalde que é o presidente nato de todas elas. Atendendo a un reparto proporcional, tal e como esixe o artigo 125.b) citado, e tendo en conta que todos os grupos teñen dereito a formar parte da comisión, os membros desta serán os seguintes: 2 do grupo municipal do B.N.G.; 1 do grupo municipal do Partido Popular ; 1 do grupo municipal Socialista.

CUARTO: Os grupos deberán dar a adscripción concreta dos membros que na súa representación van formar parte da Comisión Especial de Contas no prazo de dez (10) días hábiles dende a data de celebración do pleno no que se aprobe a composición da citada comisión, mediante escrito dirixido ó alcalde e do que se dará conta ó pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

QUINTO: Quedan derogados todos cantos acordos, resolución e demáis actos contradigan ó presente acordó e en concreto, queda derogado o acordo plenario de data18 de xullo de 2015, relativo ás Comisións Informativas.**”**

A concelleira Matilde Pallares Cagide comenta que debería de existir algunha outra comisión para poder participar en todas as actuacións.

Faise constar que por parte do Partido Popular además se nombraran substitutos dos titulares para o caso de ausencia do membro titular.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes, por 8 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG e 2 dos concelleiros do PP), acorda APROBAR o contido da presente moción.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

5º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO C.E.I.P. DE ARCEDIAGO E NO CONSORCIO DE SERVIZOS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA.

Vista a moción de alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe:

"MOCIÓN ALCALDÍA RELATIVA A NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES NOS CONSELLOS ESCOLARES, CONSORCIO DE SERVIZOS SOCIAIS.-

D. Manuel Adán López,alcalde-presidente do concello de Santiso, propoño ó Pleno municipal tomar en consideración a seguinte
MOCIÓN:
PRIMEIRO: Nomear como representante do Concello de Santiso ante o Consorcio de Servizos Sociais o concelleiro Pablo Balboa Oro.
SEGUNDO: Nomear como representante do Concello de Santiso no consello escolar do CEIP de Arcediago a Dna. Sara Mato Agra.
TERCEIRO: Notificar o presente acordo os interesados e facultar a Alcaldía para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.**"**

O Pleno da Corporación por 6 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG) e dúas abstencións (2 dos concelleiros do PP), acorda APROBAR o contido da presente moción.

6º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ÁS QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 38 D) DO R.O.F.

Dáse conta das referidas resolucións da Alcaldía, facendo constar o erro que se advertiu sobre a hora das sesións da Xunta de Goberno Local, sendo a hora correcta ás nove horas e non ás dez horas como figura no punto terceiro da Resolución de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

As Resolucións que a continuación se transcriben foron asinadas polo Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López, en data 18 de xuño de 2019:

"**RESOLUCIÓN**

ASUNTO: **DELEGACIÓNS DE ÁREAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA**

EXPEDIENTE: 2019/G003/000197

ANTECEDENTES:

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

De conformidade co preceptuado nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 43 e 44 e 114 e 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,

En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legales citados, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes delegacións a favor dos concelleiros que se sinalan:

.- Cultura e Turismo: David Fernández Carril

.- Persoal e Promocion Económica: Sara Mato Agra

.- Servizos Sociais comunitarios e novas tecnoloxías: Pablo Balboa Oro.

.- Medio Ambiente: José Antonio Río Naviza.-

.-Deportes e Xuventude: Alejandro Peón Pereiro.-

A delegación comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delegan, pero sin capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afecten a terceiros, o ámbito de actuación dos asuntos a que se refiren as delegacións será o correspondente a todo o término municipal.

SEGUNDO.- O presente Decreto de delegación da atribucións surtirá efecto dende o día seguinte a presente resolución.

TERCEIRO.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre notificándose ao designado e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.

En Santiso, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;"

"**RESOLUCIÓN**

ASUNTO: **NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE**

EXPEDIENTE: 2019/G003/000196

ANTECEDENTES:

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

Visto que por acordo de pleno de data 23 de xuño de 2011, en exercicio da facultade que conceden os artigos 20.1b) da LBRL e 35.2d) ROF, se adoptou a decisión de crear a Xunta de Goberno Local e non constando acordo posterior en sentido contrario.

Visto que por decreto de alcaldía desta mesma data se nomeou aos membros da Xunta de Goberno Local.

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o disposto no artigo 46 do Regulamento de organización e funcionamento e rexime xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenente de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

D. David Fernández Carril : 1º Tte. de Alcalde.-

D. José Antonio Río Naviza : 2º Tte. de Alcalde.-

D. Alejandro Peón Pereiro: 3º Tte. de Alcalde.-

SEGUNDO.- Corresponde aos nomeados substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

En Santiso, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;"

"RESOLUCIÓN

ASUNTO: **NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.**

EXPEDIENTE: 2019/G003/000194

ANTECEDENTES:

Visto que por acordo de pleno de data 23 de xuño de 2011, en exercicio da facultade que conceden os artigos 20.1b) da LBRL e 35.2d) ROF, se adoptou a decisión de crear a Xunta de Goberno Local e non constando acordo posterior en sentido contrario.

De conformidade co preceptuado nos artigos no artigo 23.1 da LBRL e 52.2 do ROF.

En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legales citados, RESOLVO:

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- David Fernández Carril.

- José Antonio Río Naviza.

- Alejandro Peón Pereiro.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións de competencia da alcaldía:

Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno.

A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.

O outorgamento de licenzas e autorizacións, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

A adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millón de euros.
A enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros.
As concesións sobre os bens municipais cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros.

TERCEIRO.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se realizarán ás dez horas do día fixado. Non obstante, tal hora poderá ser modificada a criterio xustificado da alcaldía.

Dar conta ó pleno na seguinte sesión que se realice.

En Santiso, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;"

7º.- DACIÓN DE CONTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta dos seguintes escritos:

- Escrito presentado en data 20/06/2019 (NRE: 2019/718) relativo á constitución do grupo municipal do Partido Popular de Galicia no que se nomea como portavoz a Dª. Matilde Pallares Cagide e José David Leiva Balboa por ese orde.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Escrito presentado en data 21/06/2019 (NRE: 2019/721) relativo á constitución do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no que se nomea como portavoz a Manuel Adán López e como suplente a Pablo Balboa Oro.

Falta o do PSdeG-PSOE.

A concelleira Matilde Pallares Cagide di se sabe que por lei se pode facer unha asignación económica para cada grupo político.

O Sr. Alcalde respóndelle que efectivamente se fai e que se procederá ao seu estudo.

8º.- APROBACIÓN DE RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Vista a moción de alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe:

"MOCIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA RETRIBUCIÓNS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS.

DON MANUEL ADÁN LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE SANTISO, (A CORUÑA).-

De conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e vista a nota de secretaría-intervención de 15 de xullo de 2015, propoño ao Pleno do Concello de Santiso para a súa aprobación se procede a seguinte **MOCIÓN:**

PRIMEIRO.- A.- Cargos con dedicación exclusiva:

-Alcalde-Presidente: retribución bruta mensual de dous mil vintenove euros e trinta e seis céntimos (2.029,36€) cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 15 de xuño actual.

B.- Cargos con dedicación parcial:

- A concelleira de Persoal e Promoción económica Dna. Sara Mato Agra: Dedicación parcial de 20 horas semanais, retribución bruta mensual de novecentos sesenta euros (960,00€) cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 21 de xuño actual.

- O concelleiro de Servizos Sociais Comunitarios e novas tecnoloxías D. Pablo Balboa Oro:

Dedicación parcial de 20 horas semanais, retribución bruta mensual novecentos sesenta euros (960,00€) cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 21 de xuño actual.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a Alta do Sr. Alcalde-Presidente e dos Srs. Tenente de Alcalde, con efectos do vinte de xullo do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servicio, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno, Mesas de contratación e demáis órganos colexiados municipais: cincuenta euros (50€) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servicio fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.
- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servicio será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demáis normas posteriores de actualización.

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agro do Chao s/n
15808 Santiso (A Coruña)
Tlfno. 981-818501 Fax. 981-517910

Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.**"**

A concelleira Matilde Pallares Cagide indica respecto das dedicacións que o límite máximo está en 42.000,00€.

Por parte de Secretaría-Intervención acláraselle este tema, facendo contar que a lei establece para o rango de poboación do Concello de Santiso unha dedicación exclusiva, cantidade que non se supera nin no número nin na asignación, e no que fai referencia as dedicacións parcias nada se regula o respecto para este rango de poboación .

O Sr. Alcalde manifesta que están coas mesmas dedicacións de hai 12 anos polo que respecta á Alcaldía e que as dúas parciais de agora son a suma do que era a parcial do ano 2015.

O Pleno da Corporación por 6 votos a favor (6 dos concelleiros do BNG) e dous en contra (2 dos concelleiros do PP), acorda APROBAR o contido da presente moción.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, levantouse a sesión polo Sr. Alcalde, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE **O SECRETARIO**

CVD: xDIgUuhtMEwIMYh1jl78
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.